

Monte Pedroso

5ª Proba da Liga Galega de O-Pé

27 maio 2017



BOLETÍN 2

Organizador: USC Orientación

Dirección: Eduardo Ramos

Equipo técnico:

- **Percorridos:** Xavier Viana e Ignacio Sordo.
- **Balizado:** Ignacio Sordo, Xavier Viana, Luis Carreira, Pilar Veiga e Eduardo Ramos.
- **SportIdent:** Santiago Fraga e Manuel Gallego.
- **Saídas:** Rosa M^a. Pernas, José M. Sampedro, Ramón Sampedro e Amparo Portabales.
- **Meta:** Ana Blanco.
- **Secretaría:** Margarita Balboa e María Jesús Prieto.
- **Correlín:** Rosa M^a. Pernas e Margarita Balboa.

Xuíz Controlador: Alejandra Carro Mahía (Arnela)


Xurado Técnico: Jorge Piñeiro Portela (Artabros), Ricardo Figueroa Fernández (Aromon) e Alejandra Carro Mahía (Arnela)

COMO CHEGAR Ó CENTRO DE COMPETICIÓN

O centro de competición situarase no lugar chamado **Parque Granxa do Xesto**. Estará sinalizado dende o cruce da Rúa das Galeras coa Costa de Santa Isabel (ao lado do Campo de Fútbol de Santa Isabel).

- Dende o sur ou norte pola AP-9 saídas NORTE / SUR. Dirixirse á zona oeste da cidade.
- Accédese dende a Rúa das Galeras.
- No semáforo situado no cruce da Rúa das Galeras e Costa de Santa Isabel coller dirección Casas Novas.
- O **Monte Pedroso** é visible dende esa parte da cidade.
- Continuar a rúa de Casas Novas 1'2 kms ata a rotonda da Granxa do Xesto. Esta rotonda está indicada no seguinte enlace:

- <https://www.google.es/maps/dir//42.894234,-8.55919/@42.8950844,-8.5641034,2843m/data=!3m1!1e3?hl=es>




ZONA DE COMPETICIÓN

Recórdase a todos os que van a participar nesta proba que non se pode adestrar na zona de competición a partir da publicación deste boletín.



ZONAS DE APARCAMENTO

Pódese aparcarse en batería a un lado da estrada de acceso (sinalada en amarelo no gráfico seguinte), sempre que se deixe libre esta para circular en dobre sentido. Haberá un lugar reservado ao bus e outro para as caravanas.



Como a zona de aparcamento é limitada, prégase compartir os vehículos na aproximación ao monte Pedroso. Trataremos de habilitar a zona sinalada como FINCA para aparcamento.

Preto do campo de fútbol de Santa Isabel, hai un aparcamento público a vinte minutos a pé.

HORARIO

- 9:30 h.: Apertura da secretaría
- 10:30 h.: Saída dos primeiros corredores
- 11:00 h.: Inicio da saída para os percorridos de iniciación
- 12.30 h.: Hora de saída límite para os percorridos de iniciación
- 12:30 h.: Correlín

A meta pecharase **dúas horas despois da saída do último corredor**. O día da proba poñerase no taboleiro da secretaría a hora exacta.

Haberá unha pre-saída de **sete minutos** ao lado do aparcamento.

AVITUALLAMENTOS

Haberá avituallamento de auga e froita na meta para todos os corredores.

PERCORRIDOS

A velocidade de carreira será media/alta. Nas zonas despexadas e na rede de camiños poderase correr libremente, reducíndose esta velocidade nas zonas con presenza de vexetación baixa. Nas últimas zonas, recoméndase unha lectura detallada de mapa e unha elección de ruta que evite as áreas de mapa con verde 2 e verde 3. Nalgunhas zonas pode haber concentración de balizas polo que se recomenda comprobar o número de control.

CATEGORÍAS	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS	ESCALA DO MAPA
INI-CURTA	1.9 km	75	12	1:7.500
INI-LONGA	3.9 km	150 m	16	1:10.000
F-12	2.2 km	85 m	13	1:7.500
F-14	2.4 km	105 m	13	1:7.500
F-16	2.8 km	135 m	15	1:7.500
F-18	3.9 km	180 m	18	1:10.000
F-21A	4.7 km	225 m	20	1:10.000
F-21B	3.9 km	180 m	18	1:10.000
F-35	4.4 km	215 m	19	1:10.000
F-40	3.4 km	180 m	16	1:10.000
F-45	3.4 km	135 m	15	1:7.500
F-55	2.8 km	135 m	15	1:7.500
F-ELITE	5.8 km	270 m	26	1:10.000
M-12	2.2 km	85 m	13	1:7.500
M-14	2.4 km	105 m	13	1:7.500
M-16	2.8 km	135 m	15	1:7.500
M-18	3.9 km	180 m	18	1:10.000
M-21A	5.7 km	235 m	22	1:10.000
M-21B	4.4 km	180 m	16	1:10.000
M-35	5.8 km	270 m	26	1:10.000
M-40	4.7 km	225 m	20	1:10.000
M-45	4.6 km	215 m	19	1:10.000
M-55	3.4 km	135 m	15	1:7.500
ELITE	6.6 km	285 m	27	1:10.000

Existen no mapa zonas de vexetación baixa que fan **recomendable o uso de polainas ou calquera outro tipo de protección**.

ESQUEMA DA SAÍDA

Na pre-saída e saída hai que estar atento porque non se chamará polo nome senón pola hora de saída. É **obrigatorio levar o dorsal visible** para facilitar o control dos corredores que pasan á saída.

Os percorridos de iniciación terán baliza de saída, e polo tanto poden iniciar a carreira cando o consideren oportuno entre as 11:00 h e as 12:30 h.



CARTOGRAFÍA E TERREO

Mapa elaborado no 2004 por Valentin Vladimirov e Francisco Gómez Cobas (rexistro FEDO: C-699-04) e actualizado e ampliado por Eduardo Ramos no 2017 (rexistro FEDO: C-1970-17). A escala do mapa é 1:10.000

O terreo presenta unha extensa rede de camiños e pistas, un desnivel medio-alto e zonas de moi diversa vexetación: repoboación, eucaliptais, carballeiras, piñeirais, acacias, ...

As **zonas de repoboación** con piñeiros e con árbores autóctonas ocupan unha parte importante do mapa. Representáronse co **símbolo 404.0** (terreo basto con árbores dispersas) agás nalgúns lugares cunha **densidade de árbores moi alta** nos que se utilizou o **símbolo (405.0)** de bosque.

Atopamos carballeiras que aparecen como illas entre eucaliptais e piñeirais, bosques de acacias que nuns casos teñen árbores separadas permitindo un desprazamento rápido, pero noutros lugares atópanse moi próximas, ralentizando o desprazamento e dificultando a visibilidade.

Hai amplas zonas de talado recente nas que a facilidade de transición varía según a cantidade de ramas, restos do talado, que cobren o chan.

Algunhas cuestións en canto á simboloxía empregada:

- No mapa figuran varios **circuitos de descenso en bicicleta**. Están representados co **símbolo 509.0** (carril estreito) para diferenciarlos dos demais camiños. Este símbolo non se utilizou en ningún outro tipo de vía.
- Nos **cortados** que dan sobre os camiños non se seguiu un criterio estrito para diferenciar os que son de **rocha (203.0)** e os que son **de terra (106.0)** sobre todo cando son moi longos e presentan tramos de diferentes aspectos ou cando os enmascara a vexetación. Non é un detalle importante a nivel de orientación neste terreo.
- As **moreas de pedra** representáronse co **símbolo 112.0 (montículo)**
- O **símbolo 540.0** (obxecto especial feito polo home) representa a nivel xeral **mesas de pedra** ou **elementos de ximnasia deportiva**.
- O **símbolo 539.0** (obxecto especial) empregouse fundamentalmente para representar as **barbacoas** de pedra nunha zona recreativa.
- Os dous símbolos citados anteriormente aparecen representando outros obxectos inespecíficos.
- Non se representaron os **bancos e mesas de madeira** nin os **paneis informativos**.





PARTICIPANTES

Categorías:

1. **Con licenza federativa:** as vinte e dous (22) categorías contempladas no [Regulamento Liga Galega de Orientación a Pé 2017](#).
 - **ALEVÍN M/F-12:** nados en 2005-2006.
 - **INFANTIL M/F-14:** nados en 2003-2004.
 - **CADETE M/F-16:** nados en 2001-2002.
 - **M/F-18:** nados en 1999-2000.
 - **M/F-21:** sen límite de idade.
 - **M/F-35:** nados en 1982 e anteriores.
 - **M/F-40:** nados en 1977 e anteriores
 - **M/F-45:** nados en 1972 e anteriores.
 - **M/F-55:** nados en 1962 e anteriores.
 - **FE:** sen límite de idade
 - **E:** sen límite de idade.

2. **Sen licenza federativa:** Iniciación curta / Iniciación longa

CORRELÍN

Celebrarase un CORRELÍN para os menores de 8 anos. Para participar nel é preciso inscribirse previamente enviando un correo electrónico a orientacionusc@gmail.com co fin de preparar os mapas da proba. A inscrición é gratuíta.

SEGURIDADE

Nas zonas de repoboación con piñeirais o chan é moi irregular debido a existencia de pequenos regos e buratos que se fixeron para plantar as árbores e que moitas veces non se ven con claridade porque están tapados pola herba. É necesario extremar a precaución no desprazamento por estas zonas para evitar lesións.

Aínda que desde a organización poremos os medios para que durante a proba ningún ciclista utilice os **circuíños de descenso** haberá que ir atento se se cruza ou se circula por algún destes camiños.

Hai unha pista que remata no cumio do monte con moi pouca circulación que pode ser atravesada por algún percorrido. En lugares estratéxicos situaremos sinais e persoal informando da existencia da carreira e pedindo precaución aos condutores que circulen por ela. De todos xeitos os corredores deberán ir atentos cando a utilicen.

Recoméndase levar protección contra vexetación rasteira (fundamentalmente toxos e silvas) que poden aparecer en diferentes zonas da carreira.

INFORMACIÓN MEDIOAMBIENTAL MOI IMPORTANTE

No mapa hai algunha zona de plantación recente con plantas relativamente pequenas (pasan dos xeonllos). Se se circula por elas é necesario facelo de tal xeito que non se estropeen.

Tirar ó chan desperdicios non orgánicos antes, durante ou despois da competición en toda a área de competición (saída, chegada, aparcamento ou mapa) supón a descualificación do corredor/a.

INSCRICIÓNS

A través da web da Federación Galega de orientación (www.fegado.es) seleccionando o evento no calendario e marcando a categoría na que desexa inscribirse.

Data límite: **martes 23 de Maio, ata as 22 h**

Os participantes que non teñan usuario na intranet terán que rexistrarse antes.

Cotas de inscrición:

- Federados: 5 euros
- Non federados (con seguro e licenza de 1 día):
 - INICIACIÓN CURTA: 7 euros.
 - INICIACIÓN LONGA: 9 euros.

A estes importes engadiranse 3 euros en caso de precisar alugar a pinza **Sportident** (obrigatoria para todos os percorridos).

Reposición de dorsal: 1 euro.

O pago das inscricións + aluguer das pinzas Sportident realizarase mediante ingreso na seguinte conta bancaria:

- IBAN ES88 2080 0388 27 3110001949 (ABANCA)
- CONCEPTO: ORI USC + nome do club (ou nome do participante)
- Os xustificantes do ingreso deberán enviarse a orientacionusc@gmail.com

SERVIZO DE BAR

Instalarase unha carpa onde haberá servizo de cafetería e bar, coa posibilidade de tomar bebidas quentes e frías, ademais de bocadillos e racións.

POSIBLES INCIDENCIAS SPORTIDENT

Resumo do procedemento de actuación ante posibles incidencias SportIdent (FEDO)

CORREDOR QUE NON DESCARGA A SÚA TARXETA (PINZA) SPORTIDENT Ó REMATAR

Todo corredor debe picar o punto meta SportIdent (dobre círculo no mapa) e posteriormente ir descargar a súa tarxeta (pinza) onde estea previsto pola organización.

En todo caso, aceptárase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas ata que sexa o peche da meta. Os corredores que non descarguen nese prazo serán considerados FÓRA DE CONTROL.

CORREDOR QUE NON LIMPA A SÚA TARXETA NA SAÍDA

É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación SportIdent correspondente) a súa tarxeta. Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta de datos anteriores, se quede sen memoria nela, e chegue a meta con picadas no mapa por ese motivo, será descualificado por ERRO EN TARXETA.

CORREDOR Ó QUE LLE FALTA ALGÚN PUNTO DE CONTROL NA TARXETA

Será automaticamente descualificado. É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que indica o pitido e a luz da estación ó introducirlle a pinza SportIdent.

Esta descualificación inclúe tódalas posibilidades, excepto que se comprobe que o sistema fallou. Entón, a estación non dá luz nin son, polo que o corredor é responsable de detectalo, e picar manualmente no lugar establecido para eses casos no seu mapa.

CORREDOR QUE ENTRA EN META E NON PICA.

Todo corredor que entre en meta e non pica o punto meta, pode volver a picalo. En cambio si deixou algún outro punto do seu percorrido sen picar, non pode volver ó terreo.

RECORDATORIO:

- Limpar e comprobar a tarxeta ou pinza na saída.
- Coidado con descualificar por non esperar pitido e/ou luz na estación.
- Seguir a orde numérica de controis no percorrido correspondente. Por exemplo, se se pica a 4 antes da 3, non se descualifica se se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e logo a 5, 6, etc.
- É obrigatorio picar na estación de meta, e despois descargar na estación-descarga na secretaría. Así comprobaremos que non queda ninguén “perdido” no monte.

ORGANIZA

CLUB USC DE ORIENTACIÓN



SERVIZO DE DEPORTES

COLABORAN

